



modelos de xestión



necesidade dunha xestión equilibrada e integrada dos recursos e a demanda social fan necesario que a Administración promova que os distintos modelos de xestión permitan un sector competitivo que paulatinamente poida desligarse da tutela financeira da Administración.

Á complexidade causada polas estruturas das distintas administracións territoriais con incidencia e competencias no ámbito da pesca, súmase tamén a derivada da existencia de corporacións de dereito público (confrarías de pescadores) e privadas (organizacións de produtores, cooperativas) que, en desenvolvemento da súa actividade, realizan certas funcións públicas con proxección no mundo pesqueiro.

Neste senso, as confrarías de pescadores desempeñan importantes funcións no ámbito da comercialización.

■ as confrarías de pescadores

Tal como se expón no artigo 46 da Lei 3/2001, de Pesca Marítima do Estado, son funcións das confrarías de pescadores:

a) Actuar como órganos de consulta das Administracións públicas competentes e exercer-las funcións que lle encomende a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias,

b) Prestar servizos ós seus membros e representar e defender-lhes os seus intereses, e

c) Administrar-lhes os recursos propios do seu patrimonio.

A xustificación para o exercicio autónomo dunhas competencias e a titularidade de certas potestades públicas por parte das confrarías de pescadores está no feito de que a comunidade de pescadores, con uns caracteres sociolóxicos propios e peculiares, define-

se en torno a uns intereses económicos comúns.

Actualmente, e tras diversos avatares legislativos, estas organizacións pesqueiras xustifican a súa existencia polo labor que realizan nos sectores da pesca artesanal e de baixura e no marisqueo, sectores nos que o nivel de desenvolvemento asociativo, comercial e empresarial é aínda débil.

Foron necesidades económicas as que aconsellaron que, mantendo a tradición dunha organización tan arraigada entre as xentes do mar, se propiciara na mesma unha evolución de cara a novas formas de actividade que viñan en certa medida impostas polo marco legal de relacións económicas derivado da integración de España na CEE. Propiciar esa evolución foi o obxectivo fundamental da **Lei 9/1993, de 8 de xullo, de confrarías de pescadores de Galicia**. Sen embargo, este tipo de organizacións xa estaban regulamentadas polo aínda vixente **Real Decreto nº 670/1978, do 11 de marzo, sobre a regulamentación e recoñecemento das confrarías de pescadores**.

A Lei 9/1993, marco xurídico fundamental á hora de analiza-las confrarías de pescadores de Galicia, define as mesmas como corporacións de dereito público, dotadas de personalidade xurídica e capacidade de obrar para o cumprimento dos fins e o exercicio das funcións que lles están encomendadas, que actúan coma órganos de consulta e colaboración coa administración na promoción do sector pesqueiro e representan intereses económicos e corporativos dos profesionais do sector, sen prexuízo da representación que posúen as organizacións de empresarios e traballadores da pesca.

Así mesmo, está regulamentada a posibilidade legal de que as confrarías dediquen

na súa organización unha sección especial para realizar actividades nos campos relativos á organización e comercialización dos produtos pesqueiros, propiciando así que poidan obter recoñecemento como organizacións de produtores ó amparo do Regulamento da CEE nº 3759/92, do Consello, de 17 de decembro de 1991.

As confrarías quedan suxeitas á tutela da Administración pública galega, que será exercida a través da Consellería de Pesca, Marisqueo, e Acuicultura.

Corresponderá ás confrarías, con carácter xeral, o labor de consulta e colaboración coa Administración pública e a defensa dos intereses dos profesionais que as compoñen. Como órganos de consulta e colaboración, correspóndelles as confrarías as seguintes funcións:

- Orientar ós seus membros sobre as actuacións derivadas da aplicación da normativa concernente ó sector pesqueiro.
- Actuar como oficinas públicas.
- Promover actividades de formación .
- Servir como entidades de consulta .
- Elevar á Administración propostas sobre materias de interese pesqueiro.
- Promover a creación de servicios comúns para os seus membros.

Así mesmo, corresponderanlles as funcións de:

- Promover a creación de servicios sociais, recreativos.
- Xestionar as áreas da zona marítima e marítimo-terrestres que lles foran confiadas mediante o título administrativo habilitante correspondente, expedido pola Administración competente.
- Xestionar e administrar aqueles bens patrimoniais que lles sexan cedidos por calquera das administracións públicas para o cumprimento dos seus fins.

O ámbito territorial onde as confrarías poden exercer as súas competencias será o que determinen os respectivos estatutos, que terán que concretar os límites con referencia a puntos determinados da liña de costa. En ningún caso poderán coincidir varias confrarías no mesmo ámbito territorial, nin estenderse fóra do territorio galego.

As confrarías deberán elaborar e aprobar no seo da súa asemblea os estatutos que rexerán a súa actuación e, en todo caso, axustarán a estrutura e funcionamento da organización ós principios democráticos.

No que respecta ós membros das confrarías, tal como se expón no artigo 5 da Lei 9/1993, a afiliación ás confrarías de pescadores é libre, podendo ser membros das mesmas os armadores con base nos portos do ámbito territorial das mesmas e quen tes teñan a habilitación administrativa correspondente que o faculte para o exercicio de labores de extracción dos recursos mariños vivos.

A condición de membro pode manterse mentres se exerza a actividade profesional, sen que constitúa impedimento para iso a situación de inactividade ou o desemprego ocasional. Tal condición perderase por baixa voluntaria, por non reuni-los requisitos requiridos ou por calquera outra causa prevista nos estatutos da respectiva confraría.

Ningún profesional do sector poderá pertencer a dúas ou máis confrarías.

No que respecta ó persoal co que contan as confrarías de pescadores para levar a cabo a xestión das funcións que teñen asignadas, o artigo 8 da Lei 9/1993 sinala que *“As confrarías de pescadores contarán co persoal funcionario da Xunta de Galicia con destino nelas e co persoal laboral propio que contrate a confraría con cargo ós seus orzamentos”*.

Coexiste polo tanto, xunto ós seus propios traballadores contratados, o de natureza funcional que leva aparelado un control tutelar administrativo sobre o mesmo.

Os recursos económicos das confrarías de pescadores son analizados nos artigos 9 e 10 da Lei 9/1993. Dun xeito xeral establécense como recursos propios das confrarías de pescadores os seguintes:

- As rendas e rendementos do seu patrimonio.
- Os procedentes de títulos lucrativos tales como doazóns, legados ou axudas que acepten os seus órganos de goberno.
- Os que xeren as propias organizacións pola prestación de certos servizos.
- As cotas ou derramas dos seus membros.
- As subvencións ou consignacións dos Orzamentos Xerais das distintas administracións.

Este último recurso é unha mostra máis da intervención do poder público que condiciona a actividade das confrarías, pois a súa falla de autonomía financeira e a súa dependencia de recursos públicos limitan as súas posibilidades de actuación e sométeas ós controis económicos, financeiros e contables que corresponden á xestión destes fondos

O Decreto nº 79/1998, do 12 de febreiro, regula a estrutura, organización e funcionamento das confrarías de pescadores de Galicia, e sinala que se as confrarías de pescadores optan por non constituír a Sección de Organización de Producción —á que lle corresponde, dun xeito xeral, a adopción das medidas oportunas para garanti-lo exercicio racional da pesca e as condicións de venda da produción— serán as propias confrarías de pescadores as que prestarán as seguintes funcións:

- Responsabilizarse da vixilancia das

zonas de dominio público marítimo ou marítimo-terrestres que lle foran confiadas para o seu aproveitamento.

- Administra-los seus propios recursos e patrimonio.

- Prestarlles servicios de carácter xeral ós socios.

- Promove-la execución de plans de capturas, concentra-la oferta e regulariza-los prezos.

- Establece-los plans de produción e comercialización co fin de mellora-la calidade dos produtos e adapta-lo volume da oferta ás esixencias do mercado.

- Adopta-las medidas necesarias para a aplicación da política pesqueira comunitaria que sexan da competencia dos produtores.

- As demais que lles confiren os seus estatutos.

Este Decreto, por último, regula que os membros das confrarías de pescadores serán as persoas físicas ou xurídicas que voluntariamente se asocien, sempre que desenvolvan actividade empresarial ou laboral no sector e dentro do ámbito territorial da confraría.

É de destacar, sen embargo, que a pesar de que sobre o papel a afiliación ás confrarías e libre, non obstante a práctica, tendo en conta como está artellado o reparto das autorizacións dos bancos de marisco no marítimo terrestre, neste momento na case súa totalidade nas mans das confrarías, calquera mariscadora que desexe traballar no sector do marisqueo a pé, terá que afiliarse á confraría de pescadores que sexa posuidora da autorización sobre os bancos marisqueiros nos que exerza a súa actividade. É logo case necesario o estar afiliado a unha confraría.

A actividade do marisqueo a pé, hoxe por hoxe, organízase de forma maioritaria ó redor das confrarías de pescadores, no seo das agrupacións de mariscadoras, entes que como

o seu nome indica, agrupan o colectivo de mariscadoras pertencente a unha confraría. Estas agrupacións carecen de personalidade xurídica propia polo que a súa actuación está supeditada ó determinado no funcionamento das confrarías.

Así pois, o modelo de xestión que hoxe opera sobre o colectivo de mariscadoras ven a se-lo determinado pola súa organización nas agrupacións de mariscadoras, integradas, así mesmo, nas confrarías de pescadores correspondentes. Destacar polo tanto, que en tódolos casos a autonomía do colectivo é limitada posto que tódolos seus acordos –os tomados tanto pola directiva como os determinados na asemblea xeral– teñen que ser ratificados polo cabildo da confraría.

■ as organizacións de produtores

O artigo 52 da Lei 3/2001 de Pesca Marítima do Estado regula as funcións das organizacións de produtores sinalando que os produtores que se integren en organizacións terán, entre outras, as seguintes obrigacións:

- Dar saída a través da organización ó produto ou produtos para os que se teñan asociado, salvo disposición expresa da propia organización.

- Aplica-las normas adoptadas pola organización co fin de mellora-la calidade dos produtos, adapta-lo volume da oferta ás esixencias do mercado e mellora-lo proceso de comercialización.

As organizacións de produtores (OO.PP.) desempeñan unha función transcendental e básica tanto na política de xestión e conservación dos recursos, colaborando na racionalización da actividade pesqueira,

como na política de mercados, ó se-las responsables de intervir na xestión do sistema instaurado para garanti-la estabilidade e a mellora das condicións de venda da produción así como regula-la oferta e regularizalos prezos

• *Definición e caracteres*

No artigo 1 do **Real Decreto nº 1429/1992, do 27 de novembro**, que regula as organizacións de produtores de pesca e as súas asociacións sinálase que *“Podrán ser reconocidas como organizaciones de productores en el sector de la pesca, a efectos de lo establecido en artículo 1 del Reglamento (CEE) 105/76, del Consejo, de 19 de enero, cualquier organización o agrupación de tales organizaciones constituida a iniciativa de los productores, que cumplan las condiciones exigidas en la normativa comunitaria vigente y en el presente Real Decreto y tengan como finalidad garantizar el ejercicio racional de la pesca y la mejora de las condiciones de venta de su producción”*.

Desta definición extraírense as notas que as caracterizan: En primeiro lugar, a liberdade de afiliación. Así, a súa creación e adscrición nun plano formal é libre como corresponde a unha asociación de dereito privado, se ben, dende unha vertente material, a súa non afiliación supón a imposibilidade de gozar dos beneficios desta política común.

En segundo lugar, a necesidade de recoñecemento. Unha vez creadas estas organizacións deben ser recoñecidas como tales. Recoñecemento que corresponde ós Estados membros, pois dispoñen dos medios para comprobar se ditas asociacións cumpren as condicións previstas.

As condicións esixidas na regulamentación comunitaria (Reglamento 104/2000 do

Consello, de 17 de decembro de 1999) para a súa constitución son, entre outras, as de xustificar unha actividade económica suficiente; excluír toda discriminación por razón da nacionalidade ou de lugar de establecemento entre produtores comunitarios e tela capacidade xurídica necesaria segundo as condicións previstas pola lexislación nacional. Os seus estatutos deben incluír, ademais, a necesidade de levar unha contabilidade aparte para as actividades que sexan obxecto do recoñecemento da organización, e a esixencia para os seus membros de pertencer como mínimo tres anos unha vez que se recoñece a organización de produtores (O.P.P.) e preavisar cun ano de antelación a súa intención de darse de baixa.

A terceira nota característica toma como referencia os fins destas asociacións e as obrigas dos seus membros. Un dos obxectivos que debe presidi-la acción das O.O.P.P. é a de garantir o exercicio racional da pesca. Con isto perséguese involucrar a estas organizacións, e polo tanto ós seus afiliados, na correcta xestión das capturas. Isto realízase mediante a elaboración de plans destinados a axustalos medios e as demandas de produción ó nivel das capturas atribuídas, a estabilizalos prezos e a fomentalos métodos de pesca que favorezan a pesca sostible. Para a súa realización aténdese ás posibilidades de extracción por cada tipo de peixe e ás necesidades probables do mercado.

En correspondencia cos fins, e no ámbito propio desta política, a pertenza a unha O.P.P. para os seus membros implica unhas obrigas de contido dobre. Unhas no sector da comercialización e as outras na xestión dos recursos.

En canto ás primeiras, e cun carácter xeral, deben melloralas condicións de venda da súa produción e concentra-la súa oferta.

Para isto adóptanse unhas normas comúns de comercialización e esíxese unha calidade uniforme nos produtos postos á venda. Máis en concreto deben:

- Dar saída, a través da organización, do produto ou produtos ós que se asociase. Esta norma pódese excepcionar pola propia organización sempre que os produtos se comercialicen de conformidade coas normas comúns previamente establecidas e aplicándoselle os prezos de retirada das OO.PP.

- Aplica-las normas de comercialización e produción adoptadas pola O.PP. As normas de produción supoñen para a O.PP. elaborar –se o Estado membro non a excepción–, antes de cumprirse o primeiro mes da campaña pesqueira, un plan de produción que inclúa medidas para adapta-la oferta á demanda. En canto ás normas de comercialización, estas procuran homoxeneiza-la produción. O seu contido refírese á calidade, á talla, ó peso e á presentación dos produtos postos en venda; á toma de mostras, ós recipientes para a venda, ó embalaxe, ó etiquetado e á utilización do xeo; ás condicións de primeira comercialización.

O importante rol que xogan as OO.PP. xustifica o fomento polos poderes públicos da súa constitución e funcionamento, así como das inversións que require a aplicación das normas comúns. As axudas en que se concreta esa acción de incentivo aparecen reguladas autonomamente no propio regulamento de mercados. As súas notas características son as de limitación, tanto temporal como no seu importe, e o seu carácter transitorio e decrecente, co fin de incrementar progresivamente a responsabilidade financeira dos produtores. Estas axudas son concedidas polos Estados membros e financiadas parcialmente pola Comunidade.

Pola súa fragilidade financeira, sobre

todo nos seus comezos, e polas importantes funcións que desempeñan na racionalización e xestión dos mercados favorécese a creación de OO.PP. mediante o outorgamento de axudas iniciais, coñecidas como “axudas para o despegue”, contidas no artigo 15 do Regulamento 2.792/99, do Consello, do 17 de decembro, e que se relacionan de seguido.

Concédense para os tres anos seguintes ó seu recoñecemento para consolida-la súa intervención no mercado. A súa contía está limitada e fixada de maneira decrecente (para o primeiro, segundo e terceiro ano, respectivamente) ó 3%, 2% e 1% do valor da produción comercializada pola O.PP. Ese valor calcúlase baseándose en dous parámetros: a produción media que teñan comercializado os produtores afiliados durante os tres anos anteriores ó período en que se solicita a axuda. A esta limitación engádese outra en canto ás axudas non poderán exceder o primeiro ano do 60%, no segundo do 40%, e no terceiro do 20% dos gastos de xestión das OO.PP. e dos prezos medios de produción obtidos por estes produtores durante o mesmo período.

A pesar das posibilidades de constitución e funcionamento en positivo deste tipo de organización no sector de baixura e polo tanto no marisqueo a pé, é practicamente nula a implantación destas organizacións.

Por último sinalar que con data 7 de decembro de 2000 procedeuse á retirada do recoñecemento como organización de produtores á Organización de Produtores e Cultivadores da ría de Vigo (O.PP. 38), por non acadar-la porcentaxe do 25% da produción autonómica en ningunha das especies para as que tiña recoñecida esta condición.

■ entidades representativas do sector pesqueiro

Segundo o artigo 56 da Lei 3/2001 de Pesca Marítima do Estado, as asociacións de armadores, así como as demais entidades asociativas xuridicamente recoñecidas e as organizacións sindicais de profesionais do sector terán a consideración de entidades representativas a efectos da súa interlocución e colaboración na toma de aquelas decisións que poidan afectar ós intereses que representan.

■ as cooperativas

Tal como se determina na **Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia**, pódese considerar **cooperativas do mar** aquelas que asocian titulares de explotacións dedicadas a actividades pesqueiras, de industrias marítimo-pesqueiras, marisqueo e acuicultura e derivadas, nas súas diferentes modalidades de mar, rías, ríos, lagos e lagoas, e profesionais das devanditas actividades, e teñen por obxecto a prestación de subministracións e servizos e a realización de operacións encamiñadas á mellora económica e técnica das actividades profesionais ou das explotacións dos seus socios.

Para o cumprimento do obxectivo social das cooperativas do mar, estas poderán desenvolver calquera actividade económica ou social, así como realizar actividades con terceiros nos mesmos termos establecidos na Lei para as cooperativas agrarias.

O ámbito das cooperativas será fixado estatutariamente.

O artigo 118 da Lei 5/1998, do 18 de

decembro, sinala que son **cooperativas de explotación dos recursos acuícolas** as que asocian a titulares dos dereitos de uso e aproveitamento de bens e a aqueles que posúen títulos administrativos habilitantes, todos eles relacionados co exercicio de actividades de explotación dos recursos acuícolas, e que de acordo co réxime xurídico destes títulos aporten total ou parcialmente ditos dereitos á cooperativa, así como aqueles que, sen aportan título ou dereito de disfrute algún, vaian a prestar o seu traballo persoal na mesma, ó obxecto de xestionar unha empresa na que poidan integrarse os bens e dereitos que, por calquera título, posúa a cooperativa.

Nestas cooperativas poderán ser socios as confrarías de pescadores e as administracións ou entes públicos, podendo estatutariamente reservarse un posto para estes socios no órgano de administración.

A achega á cooperativa dos títulos administrativos habilitantes para a explotación de recursos mariños deberá contar coa previa autorización da consellería competente en materia de pesca, marisqueo e acuicultura. Os socios traballadores destas cooperativas deberán, así mesmo, estar en posesión do título administrativo necesario para o desenvolvemento da súa actividade, sempre e cando resulte obrigatorio en virtude da normativa de aplicación.

A achega á cooperativa dos títulos que habilitan para a explotación dos recursos acuícolas non terá en caso algún a consideración de transmisión nin arrendamento, nin implicará o cambio de titularidade dos mesmos.

No que respecta á actividade cooperativa de comercialización de produtos procedentes de terceiros non socios, rexerase polo previsto na Lei 5/1998, do 18 de decembro, para as cooperativas agrarias.

Será de aplicación ós socios traballadores desta clase de cooperativas as normas establecidas na Lei 5/1998, do 18 de decembro, para o mesmo tipo de socios traballadores das cooperativas de traballo asociado.

Os socios traballadores desta clase de cooperativas a efectos de Seguridade Social encadraranse no correspondente réxime como asimilados a traballadores por conta allea ou autónomos, segundo corresponda en función da súa actividade e regulación específica en materia de Seguridade Social.

■ política de axudas

O interese da Administración autonómica é fomentar modelos de xestión que permitan un funcionamento máis áxil do sector. Isto plásmase non só nas axudas e subvencións á promoción comercial, fomento do consumo ..., senón tamén nas axudas á evolución destas entidades de interese colectivo cara a entidades de dereito privado economicamente autosuficientes. Este interese vese tanto nas axudas á creación de OO.PP, antes analizadas, como, dun xeito xeral, no artigo 99 da Lei 6/1993 de pesca de Galicia, onde se sinala que a Administración autonómica poderá outorgar ás entidades de interese colectivo e entidades públicas e privadas préstamos, subvencións e axudas económicas que teñan por obxecto:

a) A evolución destas entidades de interese colectivo cara a entidades de dereito privado economicamente autosuficientes ou cara á formación de organizacións de produtores, entendidas as mesmas tal e como se consideran no ordenamento xurídico comunitario.

b) Compensar financeiramente ás organizacións de produtores polas partidas reti-

radas do mercado e posteriormente dedicadas a subproductos.

c) A transformación e o almacenamento, con vistas ó consumo humano, de produtos frescos retirados da venda, ou o almacenamento privado de produtos da pesca, marisqueo e acuicultura.

d) Calquera tipo de indemnización compensatoria ou restitución autorizada legalmente nesta materia.

e) Calquera tipo de axuda que sirva para a promoción comercial dos recursos mariños vivos de Galicia.

f) A realización de proxectos de accións tendentes a fomentar o consumo de produtos pesqueiros ou marisqueiros procedentes de especies excedentarias ou pouco explotadas.

A concesión destas axudas farase con publicidade, obxectividade, transparencia e equidade.

En materias de axudas ós distintos ámbitos do sector, salientan as axudas á promoción, fomento da calidade e á busca de novas saídas comerciais dos produtos galegos da pesca, o marisqueo e a acuicultura. Axudas regulamentadas a través de diferentes Ordes, e que teñen que ter en conta a regulamentación comunitaria. Neste senso, o Regulamento (CEE) nº 3760/1992, do Consello, de 20 de decembro, polo que se establece un réxime comunitario da pesca e a acuicultura, fixa os obxectivos e as normas xerais da política pesqueira común; o Regulamento (CE) nº 1263/1999, do Consello, de 21 de xuño, relativo ó instrumento financeiro de orientación da pesca, define os obxectivos específicos das medidas estruturais neste sector; o Regulamento (CE) nº 2792/1999, do Consello, de 17 de decembro, polo que se definen as modali-

dades e condicións das intervencións con finalidade estrutural no sector da pesca, constitúe un marco para o conxunto das intervencións estruturais no sector pesqueiro realizadas no territorio dun Estado membro, sen prexuízo das especificidades rexionais. Dentro do marco establecido pola normativa comunitaria e pola básica do Estado, a Comunidade Autónoma de Galicia establece as bases e condicións así como o procedemento de concesión das distintas liñas de axudas

A Orde do 21 de setembro de 2000 modificada pola **Orde do 28 de outubro de 2000**, establece as bases e condicións e regula o procedemento de concesión de axudas para a promoción, fomento da calidade e busca de novas saídas comerciais dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura (Axudas IFOP novos produtos).

O obxecto desta Orde é establecer as bases e condicións e regular o procedemento de concesión das axudas establecidas no Programa Operativo do Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP) establecido para a Comunidade Autónoma de Galicia ó abeiro do Regulamento (CE) 2792/1999 para o período 2000-2006, e ó efecto de apoiar o financiamento de investimentos de carácter colectivo relativos á promoción, fomento da calidade e busca de novas saídas comerciais dos produtos galegos da pesca, o marisqueo e a acuicultura.

Os efectos da concesión das axudas previstas, só terán a consideración de auxiliares os investimentos que contribúan á consecución dun efecto económico duradeiro e ofrezan unha garantía suficiente de viabilidade técnica e económica, e que teñan como obxectivos xerais:

1.- O fomento da concorrencia empresarial mediante a aplicación de políticas de calidade no proceso da produción e comerciali-

zación dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura.

2.- A promoción e fomento do seu consumo e a busca de novas saídas comerciais.

Poderán ser beneficiarios destas axudas as empresas privadas e as asociacións de empresas privadas sen ánimo de lucro que promovan medidas de carácter colectivo e formen parte dun marco asociativo dedicado á actividade de extracción, comercialización ou transformación dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura.

No que respecta ó importe das axudas, os proxectos auxiliares beneficiaranse dunha axuda económica en forma de subvención de capital de ata o 50% do custo do correspondente investimento elixible.

Conforme ó establecido no Regulamento (CE) 2792/1999, a contribución do IFOP á axuda concedida poderá ser de ata o 35% do referido custo, e a contribución das Administracións públicas españolas no seu conxunto non poderá ser inferior ó 5% do mesmo.

En calquera caso, a contribución do beneficiario ó financiamento do custo elixible do seu proxecto non poderá ser inferior ó 40% do mesmo.

Terán a consideración de medidas prioritarias as seguintes:

- As destinadas á procura da procedente normalización e tipificación dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura.
- As encamiñadas á comercialización de especies procedentes das capturas da flota pesqueira galega artesanal.
- As dirixidas á comercialización de especies subexplotadas ou excedentarias.
- As promovidas polas distintas asociacións e organizacións de produtores.
- As aplicadas conxuntamente por varias

organizacións ou asociacións sectoriais.

- E as destinadas a promover os produtos obtidos mediante métodos respectuosos co medio ambiente. ■